

**PROPOSTAS  
DIDÁCTICAS  
ARREDOR DO  
PATRIMONIO  
ORAL.**




# AMPARO, CELSA, HORTENSIA E OS CONTOS



**Visualiza este vídeo.**

Amparo Dobarro (Zobra-Lalín, 1931)  
Hortensia Taboada (Zobra-Lalín, 1931)  
Celsa Muradás (Zobra-Lalín, 1940)



# **GALIZA ENCANTADA**



## **Investiga**

**Quen e como son os encantos  
ou mouras?**

**Onde acostuman habitar?**

**Como se manifestan e de que  
maneira interaccionan cos  
humanos?**



**Investiga** se na túa zona hai algunha moura que habite nunha fonte, nunha peneda... ou outros lugares encantados.

Podes preguntarlle á túa familia e á veciñanza: normalmente as persoas máis vellas son as que acostuman saber máis destas cousas. Tamén podes documentarte na biblioteca e consultar a algunha web con recompilacións de lendas.



**Grava** co teu *smartphone* as historias que che conte a xente, en vídeo ou en audio.

Aquí tes un **manual** con recomendacións para facelo:

Como se fan entrevistas para recoller historias de vida e patrimonio cultural inmaterial?





Coa información recompilada podes **facen un mapa interactivo** localizando os encantos na vosa zona, achegando en cada un deles os audios/vídeos ou a información transcrita.

Aquí uns **exemplos** para inspirarte:

[Mapa de Galicia Encantada.](#)



[Mapa mitos e lendas do CEIP Plurilingüe da Serra de Outes.](#)



Aquí tes **ferramentas de balde e tutoriais para crear mapas interactivos**:

[10 ferramentas para facer mapas interactivos de balde.](#)



[Tutorial sobre como crear mapas interactivos con Google My Maps \(en español\).](#)



Unha vez que teñas aos encantos xeolocalizados, tamén podes **organizar unha búsqueda do tesouro ou un roteiro dramatizado**.

# A ANTARUXADA



## Investiga

**Que é a Antaruxada?  
Que outros nomes recibe?  
Como podes recoñecela?  
Como e cando se pode ver este  
fenómeno?  
Debes librarte dela? Como?**



**Pregúntalle** á túa familia e á veciñanza (normalmente as persoas máis vellas son as que acostuman saber máis destas cousas) se teñen coñecemento deste fenómeno, como lle chaman... e tenta que che conten algunha historia arredor del (lembra que estes non son contos, son verdades!).



Coas historias recollidas podes **elaborar unha curta ou crear unha representación teatral** e representala na praza da vila ou no festival de fin de curso.

Podes inspirarte vendo estes vídeos:

“Historias del filandón” de Burbia Films  
(historias populares do Bierzo).



**QUEN CANTA  
OS MALES  
ESPANTA**



## **Para saber máis**

**As coplas son composicións en verso ás que se lle pon música para ser cantadas. Na música tradicional galega, acostuman a ser cuartetos octosilábicos con rima consoante ou asoante do 2º e 3º verso.**

**“Axudaime compañeira,  
axudaime camarada,  
axudaime compañeira  
a face-la foliada.”**

**As coplas que se cantaban podían ser aprendidas ou creadas no momento, e é por iso que, como podes comprobar no vídeo, no repertorio galego de coplas existe unha para calquera cousa que queiras transmitir, e no caso de que non exista, podes crealas inspirándote nas que teñas aprendido.**





### 7 días, 7 coplas:

**Pregúntalle** á túa familia e á veciñanza por coplas. Terás que conseguir un mínimo de sete. Durante unha semana terás que **publicar** un copla ao día na túa rede social habitual acompañada dunha imaxe ou debuxo que esa copla che evoque. En cada publicación terás que **nominar** a alguén e retalo/a a que faga o mesmo.



### Fantástico lugar:

**Pregúntalle** á túa familia e á veciñanza por coplas que falen de lugares da vosa vila e/ou que falen do fantástica que é, así como das súas xentes. Por exemplo:

“O lugariño de ...  
de lonxe parece vila.  
Ten un caravel na estrada  
e unha rosa na saída.”

Con todas as coplas recompiladas, **fai unha selección** das que máis che gusten e ordeáas. Tamén podes engadir algunha creada por ti. **Musicáas**, ben con algún tono que vos cante algún/ha informante, ben coa música que máis che preste. Este pode ser o novo himno do voso instituto! E tamén unha desculpa perfecta para **gravar** un videoclip ou facer un *lipdub*.



## A Candeloria:

*Din que o 2 de febreiro, día da Candeloria (medio inverno vai fóra), celébrase a volta da luz e o rexurdir da natureza, e din que é no día que casan os paxariños. O 2 de febreiro é o día en que nós celebramos o triunfo da luz e do amor.*

**Pregúntalle** á túa familia e á veciñanza por coplas que falen do ben querer, por exemplo:

“Hoxe luns e mañá martes.  
Pasado xa logo vén.  
Domingo tárdame un ano  
para ver a quen quero ben.”

**Debuxa** nunha cartolina A5 ou **sácalle unha foto** a un paxariño. Escolle de entre todas as coplas a que máis che guste ou inspírate nelas para crear outra e **escríbea** por detrás do deseño. Vaite á oficina de correos e **envíalle** esa postal á túa prenda máis querida. Tamén podes xuntar todas as coplas recompiladas e **encher todo o instituto de coplas** do ben querer.



## Mecos no colo:

**Pregúntalle** á túa familia e á veciñanza por cantigas para lle cantar ás crianzas, por exemplo:

“Es neno ten soniño,  
ten ganiña de durmire,  
ten un olliño pechado  
o outro non o pode abrire.”

Ou xogos que facerlle:

“Este queixo queixolán,  
esta boca pide pan,  
este narís, pis, pis,  
estes ollos, revirolos,  
esta testa, testaruda...,  
e este peliño de burra!”

Xunta todo o que atopes e **grava** os audios nun CD e/ou **transcríbeos** nun caderniño que tamén podes acompañar de debuxos.

Podes utilizar este caderniño para **agasallar** a familiares ou xente amiga que acaben de ter criaturas, ou vendelos para axudar a sufragar a excursión de fin de curso.

**12 MESES,  
12 DITOS**



## **Para saber máis**

**Os refráns son ditos populares, normalmente estruturados en verso, cos que se transmiten pensamentos morais, ensinanzas e consellos baseados na experiencia de quen nos precedeu.**



Para non tropezar dúas veces na mesma pedra, **atesoura** este legado que a anterior xeración nos deixou. Podes comezar por **buscar** refráns relativos a cada mes do ano, co compromiso de que en cada mes **terás que lles facer caso** a un eles e rexístralos, para poder levar unha proba á clase de que así o fixeches.

Ao cabo do ano, quen demostrase terse valido da sabedoría popular en cada un dos doce meses, terá a honra de coroarse como sabio/a, e polo tanto, terá dereito a escoller actividade na clase da última hora do primeiro venres de xaneiro (se sodes varias persoas as que o conseguides, teredes que acordar escolla).


**RECURSOS**



**Para saber aún más**

**Sitios webs, publicaciones e  
selección bibliográfica**


 **Galicia encantada. Enciclopedia da Fantasía Popular de Galicia:** <https://galiciaencantada.com/>

 Taboada Chivite, X. (2000). *Refraneiro galego. Cadernos de fraseoloxía galega 2*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Xunta de Galicia.  
<http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg02.pdf>


 **Web e app “Refraneiro galego”:** <http://refraneirogalego.com/>

 **“Volai-vai. Caixón das cantigas”:**  
<https://www.facebook.com/volaivai/>

 **APOI\_Arquivo dixital do Museo do Pobo Galego:**  
<http://apoi.museodopobo.gal/>

 **Cancioneiro popular galego, do Mapa sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega:**  
<http://mapasonoro.consellodacultura.gal/colecciones/colecion/13/tipo:2>

 **Web “Orella pendella”:** <https://orellapendella.gal/>

 **“Arrollos, recitados e xogos” do Programa Apego:**  
<http://apego.gal/arrollos-recitados-e-xogos/>

 **Portal de ditados tópicos galegos do Instituto da Lingua Galega:** <http://ilg.usc.es/ditados/>





**Publicación feita por Xandobela | Educación e Cultura para o proxecto "BABEL\_técnicas de difusión do patrimonio oral e literario", subvencionado polo programa europeo Erasmus+ de Unión Europea e dentro do "Proxecto Tesouros Vivos".**

Licenza de Copyleft Recoñecemento-Compartir Igual 4.0 Creative Commons International (CC BY-SA 4.0): está permitida a copia e modificación deste material, todo ou en parte, por calquera medio e para calquera finalidade, sempre que manteña as mesmas condicións e se dea crédito á autoría orixinal. <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

**AUTORAS:**

María Jesús (Chus) Caramés Agra e Nerea Couselo Fernández.  
Xaneiro 2020.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

<http://xandobela.info/>  
<https://babelerasmusplus.weebly.com/>  
<https://www.proxectotesourosvivos.gal/info@xandobela.info>



Cofinanciado por el  
programa Erasmus+  
de la Unión Europea

Proxecto subvencionado co apoio da Comisión Europea.  
A información contida nesta publicación vincula exclusivamente ás autoras,  
non sendo a Comisión responsable pola utilización que dela se poida facer.

